

ARCO DE TITO

Isaac Garrido González

O Arco de Tito é unha construción edificada no século I d.C., mais concretamente no ano 81, para conmemorar a vitoria que o emperador romano Tito Flavio realizara sobre os xudeos en Xerusalén no ano 70. Foi mandada construír no foro de Roma durante o mandato do emperador Domiciano, polo Senado e polo pobo romano, aínda que se descoñece o autor. Durante esta época, época da Dinastía Flavia, o imperio romano acadou gran estabilidade territorial debido ao seu crecente comercio e paulatina expansión dos seus territorios, unidos pola lingua, a lei e a arquitectura que poñen á disposición do Imperio. Entre as súas construcións encóntrase este arco honorífico.

Este tipo de arcos eran construídos para que as tropas vitoriosas e os seus xenerais pasasen por debaixo deles. Nembargantes, tratábanse de arcos florais que se desfacían con facilidade con carácter perecedeiro. Este, para a súa perpetuidade, foi construído en mármore.

Componse de tres partes: o pódium, arco de medio punto flanqueado por dous grandes piares con bóveda de canón no seu interior, e entaboamento formado por un arquitrabe, un friso que representa o desfile das lexións romanas en Xerusalén no intradós da bóveda, e unha cornixa que soporta o ático onde se encontra a inscrición coa dedicatoria a Tito e ó seu pai.

No exterior está adornado con columnas adosadas de fustes estriados e lisos e entaboamentos clásicos e presenta chapiteis compostos polas volutas xónicas e os acantos corintios. O corpo principal está separado do zócalo mediante unha liña de imposta e está decorado por catro semicolumnas con capiteles compostos. A ambos lados do arco hai vanos cegos e no friso hai relevos que representan a preparación da campaña para a loita en Xerusalén.

No interior, a propia bóveda de canón está decorada por casetóns e nos seus laterais por relevos. Un representan a entrada triunfal de Tito e as súas tropas á cidade de Roma e o outro un grupo de homes das súas filas, cargando co botín da conquista: o candelabro de sete brazos xudeo, a mesa do templo de Salomón, etc. As súas figuras teñen isocefalia, todas teñen a mesma altura, e para dar a sensación de profundidade, utilizan o alto, o medio e o baixo relieve, as figuras máis alonxadas sobresaen menos cas que se encontran máis preto. Por último, no ático encóntrase a dedicatoria do arco ao emperador Tito ao seu pai.

O Arco de Tito é o arco máis antigo que se conserva, aínda que existen outros desa época, como o Arco de Constantino ou columnas de importantes relevos como é a Columna de Traxano, que son exemplo de monumentos conmemorativos e cun fin propagandístico.

